

Estimada familia:

Iniciado o curso académico 2017-2018 diríxome a Vdes. en calidade de Titor, do grupo ao que pertence o seu fillo/a (**2º ESO D**).

O meu nome é **José Antonio Montoto Montoto** profesor da área de **Matemáticas**.

Póño-me en contacto con Vdes. para presentarme, saudalos e porque considero imprescindible a colaboración coas familias na tarefa común que nos une: a educación do seu fillo/a. Por este motivo, espero que no transcurso deste ano escolar teñamos ocasión de coñecernos persoalmente e intercambiar opinións sobre o desenvolvemento persoal e escolar do seu rapaz/a.

Así mesmo comunícolles que todos os **xoves de 12:45 a 13:35**, estarei á súa disposición para calquera tema relacionado que lles interese comentar. Rógolles que me fagan chegar a súa petición de entrevista por medio do seu fillo/a para organizala convenientemente. Sería igualmente desexable que non pospoñan a entrevista para o último trimestre, xa que debido á existencia de reunións, exames, etc. é o peor período para interesarse polo estado académico do seu fillo/a. Na mesma liña, en ningún caso pospoñela para o mes de xuño por motivos obvios. Lémbrolles que se teñen algunha dúbida sobre calquera tema relacionado co seu fillo/a (persoal, académico, profesional...) está á súa disposición o Departamento de Orientación do centro.

Aproveito esta ocasión para invitalos a unha **reunión** con todas as familias dos alumnos e alumnas do grupo, que terá lugar o próximo **mércores día 11 de Outubro ás 19:00 horas na Aula de 2º E.S.O. D (planta baixa primeiro corredor) do IES de Cacheiras**. Nela trataremos temas xerais sobre o grupo-clase e o centro escolar que, sen dúbida, lles interesará coñecer:

- Sesións de avaliación.
- Actividades extraescolares e complementarias.
- Atención á diversidade nas aulas.
- Normas de funcionamento.
- Estado xeral do grupo...

Por último, agradeceríalles que fagan constar no "informado" que se xunta a súa asistencia ou non á reunión.

Saúdos e quedo á súa disposición.

Como pai/nai do alumno/a:

doume por informado/a da convocatoria para a reunión de pais e comunícolle que

SI NON vou asistir.

Asdo.: